

Sentimentalistas

VICENTE ARAGUAS



SENTIMENTALISMO. II ANTOLOXÍA TRASCENDENTAL
VARIOS AUTORES
Bubela. Compostela, 2017

Está ben (segue a estar ben) que haxa poetas dispostos a remexer nas augas, ás veces un pouco estancadas de máis, da poesía que aquí se practica. Unha poesía, dígamolo de novo, chea de xente interesante, de poetas chamativos, dunha calidade tan evidente como homoxénea, o que dificulta ás veces a súa ubicación. Desta maneira a unha escolma pódese replicar con outra moi semellante, contando con nomes totalmente diferentes. Porque mesmo eses nomes, se se desbotan, non acontece nada. Así as cousas libros como os que teño diante miña, *Sentimentalismo. II Antoloxía transcendental* (Bubela, Santiago de Compostela, 2017), onde a doutrina “sentimentalista” volve aparecer, fan de remexedores nun encoro, onde o que se agradece é que haxa propostas diferentes (ao menos na intención).

Desta volta, Matalobos, Portela e Salgueiro, presentes na precuela desta escolma, non se deixan ver, mais recuncan Carlos Arias, Cid Neira, Marqués, Pérez Rei, Baldo Ramos, Eva Veiga e, un pouco –ou un moito– o pai do invento, Xesús Manuel Valcárcel.

Este último, polo demais, autor dunha poesía potentísima que ten un aquel de carraxe apocalíptica (moi ben medida) e outro pouco de seiva “beat” (e non o digo soamente polos apuntes ginsbergianos, de Alan Ginsberg, que mostra). Os outros autores da escolma son xen-

“Logo están poetas como Carlos Arias, agardando esa man de neve que non termina de alumiñalo como debiera cun recoñecemento maior. Mais, como diría o outro, isto é o que hai e os poetas bos, que non boisimos, medran en Galicia como cogumelos após da chuva. ¿El que cousa é o...”

maior. Mais, como diría o outro, isto é o que hai e os poetas bos, que non boisimos, medran en Galicia como cogumelos após da chuva. ¿El que cousa é o “Sentimentalismo”? A dicir do anónimo prologuista un movemento “de carácter elitista e exclusivo”, que anseia “superar, a través dun estilo propio, a vulgaridade imperante, a comodidade conformista e a ditadura da mediocridade”.

Isto, e non é pouco, pretende o “Sentimentalismo”, ademais –entre outras cousas que o curioso lector atopará no prólogo dunha “mensaxe rebelde”– e, o que me máis me chama a atención, a necesidade de “abrirille as portas ao sentido do humor”. Que logo a tendencia destes poetas ao dramatismo (mesmo a un drama vangardista, segundo os casos) xa é outro cantar. No seu conxunto eu atopo neste libro unha escolma chamativa, con poetas dunha certa idade (nalgún caso supónse, porque non todos a declaran) en tempos nos que a mocidade está sobrevalorada.

O “Sentimentalismo”, xa o teño dito con anterioridade, ofrece máis do que dá, en tempos incertos. O evidente é que os sete poetas que aquí se deixan ver cumpren a función, xa se dixó, de remexedores ou atizadores. Quédanos a dúbida de quen ficaron no camino, hainos, ficando na redución que soamente desexaba “poetas de primeira liña”. A resposta, en mans do lector de poésias. Existen. Eu un deles.

te rompedora, algunha ben coñecida, como Eva Veiga, poeta de poemas afoutados e inmensamente doridos, ou Baldo Ramos, por máis que este partille o brillo poético coa súa significación en materia plástica.

Logo están poetas como Carlos Arias, agardando esa man de neve que non termina de alumiñalo como debiera cun recoñecemento

ESTRATEGIAS PARA APROVEITAR AS POSIBILIDADES

SACAR A LINGUA É DE MALA EDUCACIÓN
MANUEL NÚÑEZ SINGALA
Editorial Galaxia, 2017
12 euros



“Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta”, Manuel Núñez Singala, procura argumentos e estratexias para aproveitar as posibilidades que, tanto a adultos como a nenos, lles brinda a vida nunha comunidade bilingüe que se insire nunha Europa multilingüe e nun mundo cunha extraordinaria riqueza idiomática. A aprendizaxe de idiomas, así, en plural, é algo para o que os nenos e nenas de todo o mundo están perfectamente capacitados e para o que nacen dotados dunhas aptitudes excepcionais que só é preciso desenvolver e aproveitar. Ao longo deste volume expónse de maneira sinxela e clara os motivos polos que todos os habitantes de Galicia deberían ser competentes das dúas linguas oficiais da comunidade e empregar esa destreza como trampolín para adquirir outras o antes posible. Porque en cuestión de linguas o importante é sumar. Núñez Singala naceu en Lugo en 1963. En Galaxia ten publicado “O achado do castro” (1991, Premio Xiría de Creación Teatral 1987), “Comedia bifida” (2007), “Planificación estratéxica” (2009) ou, entre outras, a ora de narrativa “Mar de fondo” (1997).

INTRIGA E INVESTIGACIÓN HISTÓRICA

O CÓDICE ESMERALDA
ALBERTE BLANCO
Edicións Xerais, 2016
20 euros



O achado dun antigo manuscrito familiar embarca a Xacobe nunha investigación que o retrotrae aos tempos da batalla de Rande. Xan Bieito, un antepasado seu, fora grumete na frota de Nova España e relatara as peripecias da longa viaxe, ademais da histórica batalla naval de 1702 na Ría de Vigo. O manuscrito deixaba entrever a existencia dun tesouro oculto, protexido por un estraño enigma que deberían resolver os seus sucesores. A busca das claves para esclarecer o misterioso segredo mergulla a Xacobe nunha aventura sorprendente na que vai descubrindo a recóndita personalidade do seu devanceiro, envolta en novos enigmas. Mais ao protagonista asáltano uns estraños soños simbólicos que se entrelazan coa realidade e cun mundo que descoñece, creándolle unha enorme confusión que o impulsa a afondar máis na investigación. Emporiso, o que busca Xacobe, axudado polo seu amigo Elphi, é en realidade un antigo códice maia. Trepidante novela de intriga, “O Códice esmeralda” supón un engaiolante achegamento á historia da batalla de Rande, un dos episodios galegos nos que cómpre afondar.